DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:51:38

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **33729**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as medidas a adoptar pola Consellería de Política Social relativas á demora inxustificada en comunicar a obtención de praza para os campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade convocados pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.”**, (publicada no BOPG número 345 do 2 de agosto de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O programa de campamentos para persoas con discapacidade é unha iniciativa organizada por esta Consellería que se está a desenvolver con notable éxito. Como é sabido, este programa ten por obxecto prestar unha atención especializada ás persoas con discapacidade e ofertar campamentos específicos para rangos de idade entre os 11 e os 40 anos para persoas que teñan recoñecida a discapacidade e presenten calquera tipo de limitación e/ou necesidade especial. Estas estadías de convivencia desenvólvense en quendas de 10 días, entre o 1 de xullo e o 12 de setembro.

O notable éxito acadado desde a posta en marcha desta iniciativa, levou a esta Consellería a incrementar tanto os medios económicos como persoais destinados a esta finalidade.

Deste xeito, levouse a cabo un incremento de 20 prazas, pasando de 150 a 170 (13,33%) para idades comprendidas dos 19 aos 40 anos, que son as persoas cun rango de idade que non lles permite participar nas quendas ofertadas nos campamentos da Dirección de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Igualmente, aumentouse nun 37,66% o orzamento destinado ao funcionamento deste programa (tanto para a contratación das empresas que desenvolven estes campamentos, como para os custes indirectos de manutención e aloxamento), realizándose tamén un importante esforzo en mellorar as instalacións e incrementar o equipamento especializado para mellorar o coidado dos participantes. Este esforzo supuxo no exercicio de 2018 un investimento de 91.210 € para a adquisición de novas grúas de mobilización, cadeiras para a ducha, cadeiras anfibas, así como para o incremento das habitacións e baños adaptados e a mellora da accesibilidade das instalacións.



Por outra banda, xa desde o ano 2017 introducíronse dúas importantes melloras na proporción monitor/participante e membros do equipo técnico que organiza e desenvolve estes campamentos.

En canto a proporción monitor/participantes, incrementáronse ata acadar as seguintes:

- 1 Monitor/participante con grao de discapacidade igual ou superior ao 75%
- 1 Monitor / 3 participantes con grao de discapacidade entre o 50% e o 74%
- 1 Monitor / 4 participantes con grao de discapacidade superior ao 33%

Ademais, levouse a cabo a introdución dun novo membro no equipo de persoal, como é a figura do auxiliar/coidador, que son persoas con certificado de profesionalidade de atención a persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia e con acreditación de formación ou experiencia no uso de aparellos para a súa mobilización e coidado, coas seguintes proporcións:

- 1 Auxiliar / 3 participantes con grao de discapacidade igual ou superior ao 75%
- 1 Auxiliar / 5 participantes con grao de discapacidade entre o 50% e o 74%

En canto ao persoal seleccionado e a súa capacitación, os requisitos de titulación esixidos na contratación dos profesionais de cada unha das quendas son os seguintes:

- Unha persoa titulada en enfermería ou DUE que garanta a atención que precisen as persoas participantes durante o desenvolvemento de cada quenda.
- Os monitores deben de ser titulados e con experiencia, tanto no ámbito de actividades de ocio e tempo libre (monitor/a de actividades de ocio e tempo libre) coma no de discapacidade (monitor/a de persoas con discapacidade, especialista en integración e atención a persoas con discapacidade, técnico superior en integración social, etc.)
- O persoal auxiliar-coidador debe contar con certificado de profesionalidade de atención a persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, e acreditación de formación ou experiencia no uso de aparellos para a súa mobilización e coidado.

No exercicio 2018 presentáronse 264 solicitudes para as 170 prazas ofertadas. As solicitudes son valoradas por unha comisión composta por representantes da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, tendo preferencia as persoas que non participaran neste programa en anos anteriores e que residan habitualmente no domicilio familiar. No caso de empate, a adxudicación das prazas faise por orde de entrada da solicitude.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47761
Data envío: 14/03/2019 09:05:17.890

A adxudicación das prazas notificase aos participantes a través de correo certificado con acuse de recibo e a través de chamada telefónica.

Esta Consellería pon a disposición dos interesados un teléfono de información que atende as dúbidas e suxerencias que formulen os solicitantes de praza nos campamentos.

En definitiva, a pesar das disfuncións relatadas na pregunta, este programa de campamentos está a acadar un notable éxito e son moitos os cidadáns que se interesan polos mesmos. E por iso esta Consellería está levando a cabo, como quedou reflectido, un importante esforzo en todos os ámbitos para mellorar o funcionamento dos mesmos e superar as dificultades que poidan aparecer, tanto na súa organización previa como no propio desenvolvemento da actividade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47761
Data envío: 14/03/2019 09:05:17.890

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/03/2019 9:05:14

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 34657** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Concepción Burgo López, sobre **“o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, regulado, de xeito experimental para o curso 2018/19, mediante Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 12 de xuño de 2018”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 45735, debatida na Comisión 4ª de data 21/02/2019 e á que nos remitimos por ofrecer información sobre o procedemento seguido na convocatoria do Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), que foi implantado de xeito experimental no presente curso 2018/19. Por tratarse dunha primeira convocatoria, a Consellería tiña a previsión de poder contar coa participación de 10 centros pero, unha vez finalizado o procedemento, finalmente foron 15 os centros autorizados.

A información pode ampliarse consultando o debate no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-02-21?part=6f3c6c5a-f3fa-4cd2-990e-37e90436ebef&start=5251> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:58:14
Nº Rexistro: 47571
Data envío: 11/03/2019 13:58:14.839

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:58:09

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **37874**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao sobre, “**os datos referidos ao desenvolvemento do proxecto piloto anunciado pola Xunta de Galicia para achegar as políticas sociais a domicilio, a través de unidades móbiles no medio rural e o destino dos fondos asignados ao programa Red May para o ano 2018**”, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta parlamentaria que agora se contesta refírese ao proxecto RED-MAY, unha rede de apoio e mantemento comunitario de persoas maiores no entorno rural mediante a tecnoloxía e a innovación, que se desenvolve no marco do programa operativo EP-INTERREG V España-Portugal (POCTEP).

O proxecto RED-MAY no que participan a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade dependentes desta Consellería de Política Social, a Cámara Municipal de Braga e a Universidade de Vigo, ten como obxectivo principal o fomento de iniciativas de investigación, innovación e mellora dos servizos sociais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, para a instauración de novos modelos de intervención social ante o desafío do envellecemento da poboación. Certamente, este territorio ten a característica conxuntural dun masivo envellecemento da idade media da poboación, ao reducirse a natalidade, crecer a emigración da xuventude e aumentar a esperanza de vida, entre outros moitos factores.

Todo isto fai perigar o sistema de atención social ás persoas maiores polo que, para dar resposta a esta necesidade, ponse en marcha este proxecto.

Trátase de promover a cooperación trasfronteiriza para aunar esforzos na consecución dun envellecemento saudable e dunha vida independente para os nosos maiores. Esta cooperación permite compartir recursos para dotar os espazos habitados por eles/as das condicións necesarias para desenvolver unha vida plena, garantindo a prestación de servizos sociais e asistenciais que lles permitan permanecer no seu fogar o maior tempo posible.



A incorporación de servizos sociais adaptados á nova estrutura demográfica supón unha oportunidade de desenvolvemento social, pero tamén económico e laboral, do territorio da área de cooperación. Deste xeito, estarase dotando de bens e servizos públicos innovadores e de proximidade á poboación maior de 55 anos, permitindo a este colectivo permanecer no seu lugar de residencia habitual e posibilitando así que manteñan os seus vínculos afectivos e materiais.

Este proxecto divídese en dúas actividades:

1. Unidades móbiles: coa finalidade de achegar ao medio rural servizos sociais e asistencias de proximidade para facilitar ás persoas maiores de 55 anos o acceso aos mesmos sen necesidade de desprazamento fora da súa localidade ou entorno máis inmediato. Dentro de esta actividade distínguense dúas accións:

1.1. Dotar ao medio rural de servizos sociais de proximidade para atender as persoas maiores que viven nel.

1.2. Atender mediante servizos móbiles a persoas que padezan alzhéimer ou outras doenzas neurodexenerativas.

2. Servizos móbiles: destinados a fomentar a autonomía e o empoderamento das persoas maiores, ofrecéndolles información e ferramentas para que se sintan seguros nos seus propios fogares e poidan permanecer tanto tempo como desexen.

A selección das localidades estableceuse seguindo os seguintes criterios:

- 5 concellos por provincia, para acadar a maior repercusión posible a nivel territorial.

Na provincia da Coruña e Pontevedra elixíronse concellos do interior, fóra do eixo Atlántico, onde o grao de envellecemento poboacional é maior e o desenvolvemento económico inferior.

En Lugo e Ourense seleccionáronse 10 concellos de 9 comarcas, intentando abarcar un territorio o máis amplo posible. Nestas dúas provincias o grao de envellecemento poboacional é moi similar en todas as comarcas, agás nas aglomeracións urbanas e na costa norte de Lugo, que tamén queda excluída do ámbito de aplicación das accións.

- Todos os concellos elixidos teñen un alto grado de ruralidade e unha alta porcentaxe de poboación de máis de 55 anos.

- Todos os concellos escollidos están clasificados como Áreas Rurais e Áreas Rurais de Alta Dispersión agás Fornelos de Montes que, a pesar do seu alto grado de ruralidade e






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2019 12:18:14
Nº Rexistro: 47617
Data envío: 12/03/2019 12:18:14.236



envellecemento, está clasificado como área metropolitana pola súa proximidade á área urbana de Vigo.

- Estes 20 concellos presentan serias dificultades para achegar os servizos sociais aos seus núcleos de poboación, debido a súa elevada dispersión, especialmente en Ourense e Lugo. Case a metade dos concellos presentan zonas de montaña, o que dificulta aínda máis a prestación dos servizos sociais e asistenciais tradicionais.

Por razóns de operatividade e de organización dos recursos necesarios para executar as diferentes accións, así como polas necesidades poboacionais detectadas, establécese que a Acción 1.2 se desenvolverá nos concellos seleccionados das provincias da Coruña e Pontevedra; e que a Acción 2.3 se desenvolverá nos concellos seleccionados das provincias de Ourense e Lugo.

Os 20 concellos seleccionados actuarán como polo de atracción das súas respectivas comarcas no marco do proxecto. Deste xeito, os servizos ofrecidos non só causarán impacto directo na poboación de cada un dos concellos, senón que tamén terán un efecto demostrativo a nivel comarcal.

Aplicando as accións a estas localidades considérase que se acadarán de xeito eficaz os obxectivos e resultados previstos neste Proxecto RED-MAY”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2019 12:18:14
Nº Rexistro: 47617
Data envío: 12/03/2019 12:18:14.236

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2019 12:18:11

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **38696**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao sobre, “**a concreción do aumento de horas para a prestación do servizo de Asistente Persoal para a Vida Independente, anunciado polo Goberno galego no Debate de Política Xeral do ano 2018, o número de persoas usuarias deste servizo nos anos 2017 e 2018 e o incremento que vai levar a cabo no orzamento destinado para a ese fin para o ano 2019, así como as previsións ao respecto**”, (publicada no BOPG número 376 do 25 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de política Social**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade, a prestación de asistente persoal na nosa Comunidade Autónoma xestiónase a través da modalidade de libranza.

A Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG núm. 9, venres, 13 de xaneiro de 2012) no seu artigo 47.3 establece que se entenderá por intensidade completa da libranza de asistencia persoal aquela cuxo cómputo de horas mensuais sexa de 120 ou máis horas ao mes, e por intensidade parcial, un número de horas inferior ás sinaladas.

Polo tanto, por 120 h ou máis de asistencia persoal xustificadas correspóndelle a contía máxima da prestación (1.300 €/mes, que inclúe o complemento adicional da Comunidade Autónoma). A mellora da libranza de asistencia persoal implica un aumento da contía de dita prestación económica para poder contratar unha maior intensidade horaria.

A Consellería de Política Social está traballando nesta liña. Estase a tramitar a modificación da Orde mencionada para, entre outras cousas, incrementar a contía da dita prestación (aumento que



será financiado en exclusiva pola Xunta de Galicia). De feito, xa está consignado nos orzamentos vixentes o correspondente crédito orzamentario por importe de 280.000 €.

A finais de 2017 en Galicia existían 99 persoas beneficiarias da prestación de libranza de asistencia persoal, que chegaron a 109 ao seguinte ano, atopándose Galicia nun lugar destacado entre a totalidade das CC.AA no que se refire a esta libranza que, en moitas delas, nin sequera existe.

A Xunta de Galicia tamén aposta, como non podía ser doutro xeito, pola vida independente das persoas con diversidade funcional co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida. A tal fin, a Xunta leva a cabo un esforzo constante de cara a adopción de medidas destinadas a conquistar o referido obxectivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:49:15
Nº Rexistro: 47552
Data envío: 11/03/2019 13:49:15.628

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:49:08

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 39278** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o mantemento na actualidade por parte da Xunta de Galicia da titularidade da rúa do Progreso, de Ourense, a avaliación co Concello da posibilidade da súa cesión e os datos referidos aos convenios asinados con este ao respecto, así como os acordos establecidos para a instalación de mobiliario municipal”**, (publicada no BOPG número 378 do 31 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Administración autonómica asinou, nos anos 2000, 2004 e 2008, varios convenios co Concello de Ourense nos que se recollían diversas actuacións para a rúa Progreso.

No convenio de colaboración, asinado o 12 de setembro do ano 2000, entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Concello de Ourense para a execución de obras no termo municipal, para o caso concreto da rúa Progreso incluía: ampliación de beirarrúas, remodelación e humanización.

O convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Concello de Ourense, asinado o 30 de abril de 2004, para a execución de diversas estradas no Concello, incluía as beirarrúas no caso da rúa Progreso.

No convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ourense para actuacións en estradas autonómicas do Concello de Ourense, que foi asinado o 8 de xullo de 2008, recollía, para a rúa Progreso o acondicionamento da calzada e beirarrúas.

A data de hoxe, a titularidade da rúa Progreso de Ourense, dunha lonxitude aproximada de 1.500 metros, correspóndelle á Xunta de Galicia. Non obstante, a Administración autonómica ten avaliado a súa cesión, nos termos recollidos no Protocolo de colaboración entre a



Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Ourense para a mellora das estradas autonómicas no Concello de Ourense, asinado o 30 de novembro de 2018. Como consecuencia do dito Protocolo, nestes momentos estase a redactar un proxecto que para esta rúa prevé o acondicionamento da calzada, beirarrúas, mellora da accesibilidade e iluminación.

Así mesmo, estanse a realizar traballos de conservación ordinaria en calzada e beirarrúas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:49:04
Nº Rexistro: 47551
Data envío: 11/03/2019 13:49:04.157

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:48:58

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40571**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a opinión do Goberno galego referida ao peche dos centros do Proxecto Home de Lugo e Pontevedra, as actuacións previstas para garantir o mantemento dos servizos que están a prestar de xeito descentralizado os proxectos de iniciativa social consolidados, así como para fiscalizar o cumprimento das condicións laborais e de calidade asistencial establecidas na lexislación vixente polas institucións e entidades de iniciativa social que perciben subvención ou recursos públicos, e os datos referidos aos recursos asistencias de trastornos aditivos que hai na provincia de Lugo”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A decisión dos peches dos centros de Lugo e Pontevedra pertencentes a Fundación Monte do Gozo é determinada baixo os criterios de xestión dos recursos pola dirección da entidade.

O Servizo Galego de Saúde foi informado e convocouse a comisión de seguimento do convenio.

A planificación estratéxica vixente en Galicia en materia de trastornos aditivos segue as prioridades e liñas de actuación definidas tanto pola Estratexia Nacional sobre Drogas como pola Estratexia da Unión Europea en materia de loita contra a droga.

A consideración das bases reguladoras como elemento esencial normativo permite concluir que a Administración concedente da subvención estaría habilitada para desenvolver as súas funcións de inspección unicamente no caso de que nesas categorías de requisitos e



condicións determinantes da subvención se inclúsen expresamente cuestións concretas relativas ás condicións laborais ou de calidade na atención ao usuario.

Así mesmo, cómpre especificar que, desde o punto de vista estrito do cumprimento da normativa vixente en materia de subvencións, as funcións con que conta a administración que concede unha subvención son as de 'control financeiro' -asignado a un órgano específico que é a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma-, e a de 'comprobación' -pola consellería de Sanidade- da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a comprobación ou desfrute da subvención. De ser o caso, o incumprimento destas obrigas constitúen infraccións administrativas susceptibles de sanción, sen prexuízo no seu caso do reintegro.

En relación coa derivación das persoas usuarias de Proxecto Home Lugo e as de Pontevedra cómpre indicar que:

Centro de Lugo :

No momento do peche, estaban en activo 14 usuarios:

- 6 usuarios estaban aínda realizando o seu tratamento na Comunidade Terapéutica 'As Cernadas', tratamento que manteñen no momento da elaboración do informe.
- 2 usuarios estaban no programa de 'Fin de Programa Condicionado' por motivos xudiciais, fáiselle un seguimento por temas xudiciais pendentes que non permiten finalizar totalmente o proceso e acadar a Alta Terapéutica. Este seguimento pode ser mensual ou bimensual e sempre de xeito presencial.
- 1 usuario estaba no Programa Individual Personalizado e acude ao centro unha vez ao mes, e ademais cando o usuario o demande.
- 5 usuarios no Programa de Inserción Sociolaboral, 3 na fase B (con grupos mensuais) e 2 na fase C (con grupos bimensuais).

Co resto dos usuarios un profesional de Proxecto Home púxose en contacto persoal con cada un deles para a súa derivación ao centro de Santiago de Compostela. Para facilitarlles a asistencia ao centro de Santiago ofrecéuselles o recurso residencial do que dispón este centro nesta localidade.





(Hai que lembrar que, actualmente, o centro de Lugo non dispoñía de ningunha praza residencial polo que tiñan dificultades para atender a xente de puntos distantes da capital luguesa. Isto non ocorrería no centro de Santiago de Compostela xa que terían a opción de residir os días que tivesen que asistir ao centro.)

Tras este contacto, 3 usuarios solicitaron a alta voluntaria (un deles para seguir o tratamento na UAD de Lugo), 1 confirmou o seu abandono xa que despois dun primeiro contacto con el non fomos quen de volver a contactalo, a pesar de intentalo en reiteradas ocasións. Os cinco usuarios restantes continuaron o seu tratamento no centro de Santiago de Compostela. Dous deles xa teñen rematado o tratamento e outros tres continúan o seu proceso no centro de Santiago.

Centro de Pontevedra:

No momento do peche estaban activos 11 usuarios. 4 deles estaban no programade Inserción Sociolaboral, 5 no programa 'Fin de programa condicionado'3 e 2 no programa Individual Personalizado. Todos os usuarios/as foron derivados ao centro situado en Vigo.

Actualmente continúan en tratamento 9 usuarios e outros 2 remataron recentemente o tratamento. Os centros de referencia para a atención a poboación de Lugo e Pontevedra en materia de adicións e conforme o establecido no Circuito de Asistencia Sanitaria aos Trastornos aditivos, e que dependen funcionalmente do SERGAS, son os seguintes:

	Recurso	Modalidade tratamento	Localización	Xestión	Financiamento SERGAS	Beneficiarios directos 2017
LUGO	UAD					
	UD	Ambulatorio	Lugo	Cruz Roja Lugo	561.273,00 €	558
	UTA	Ambulatorio	Lugo	SERGAS		554
	UAD	Ambulatorio	Monforte	Municipal	193.705,34 €	442
	UAD	Ambulatorio	Burela	Municipal	204.253,43 €	400
PONTEVEDRA	PAXS	Ambulatorio	Lugo	Aliad Ulteira	43.701,00 €	761
	UAD					
	UD	Ambulatorio	Pontevedra	Municipal	376.570,82 €	970
	UAD	Ambulatorio	Vilagarcía	Municipal	395.704,90 €	595
	UAD	Ambulatorio	O Grove	Municipal	211.368,26 €	235
	PAXS	Ambulatorio	Pontevedra	Provincial Rexurdir	21.102,00 €	161
	PAXS	Ambulatorio	Pontevedra	Provincial Rexurdir	21.102,00 €	161
	Piso apoio ao tratamento	Residencial	Pontevedra	Provincial	40.000,00 €	8

UAD: Unidade asistencial Drogodependencias
UD: Unidade de Día
UTA: Unidade de tratamento de alcoholismo
PAXS: Programa de Atención Xurídico Social



A lista de agarda para ditos servizos na provincia de Lugo é a seguinte:

Na UAD de Lugo:

Dias de media	1º trimestre	2º trimestre
Tiempo medio entre demandas y cita de acogida-valoración	14,2	11,58
tiempo medio entre acogida-valoración y primera cita con terapeuta	17,53	19
tiempo medio entre demanda y primera cita con terapeuta	31,73	30,58

Na UAD de Monforte as solicitudes de primeira consulta aténdense en 10 días, e de revisións segundo o criterio de necesidade establecido polo facultativo.

Na UAD de Burela as solicitudes de primeira consulta aténdense en 4- 5 días, como máximo en unha semana.

Non existe demora nas consultas de seguimento realizadas; só no caso das consultas de psicoloxía pode existir unha lixeira demora e as consultas sucesivas realizarse en vez de quincenalmente sexan programadas cada 3-4 semanas.

Na localidade de Burela, existe unha unidade asistencial de drogodependencias para abordar este tipo de patoloxías. O dispositivo de referencia para intensificar o tratamento é o centro de día situado en Lugo, e no caso de que precise de internamento en comunidade terapéutica podería optarse ben por algunha das xestionadas pola entidade Fundación Monte do Gozo en Santiago, Vigo ou Ourense, ben na comunidade terapéutica xestionada pola entidade ASFEDRO en Ferrol. A elección entre un ou outro dispositivo queda en función das necesidades do paciente e baixo o criterio dos profesionais da rede de asistencia aos trastornos aditivos.

O número de persoas que foron tratadas na provincia de Lugo pola Rede Asistencial de Trastornos Aditivos desde o ano 2015 se recolle na seguinte táboa:





Tipo de dispositivo	Ano		
	2015	2016	2017
UAD LUGO	556	559	558
UAD MONFORTE	404	420	442
UAD BURELA	439	452	400
UTA LUGO	465	565	554
Centro Fundación Monte do Gozo	21	20	19

Número de pacientes distintos (Volume).

Fonte: Xeceas. SIAC- CPT. Memorias actividade.

A desagregación por idade e sexo recóllese na táboa 2

En relación coa atención a mulleres drogodependentes, tras reunirmos cos representantes das entidades colaboradoras do plan de Galicia sobre drogas, entre as necesidades detectadas están levar a cabo a reformulación dos programas de asistencia sanitaria para incidir na atención as adicción a hipnóticos e benzodiazepinas, mellorar a detección e abordaxe do alcoholismo e adaptar os programas de atención xurídico social introducindo a perspectiva de xénero.

A entrada en vigor da estratexia nacional de adiccións constitúe un piar sobre o que construír o vindeiro plan de trastornos aditivos e a guía a seguir nos programas a priorizar ata a súa entrada en vigor.



Ano: 2015		Sexo: Muller	
Sexo: Varón	Idade número	Idade número	
	12	15	3
	14	16	5
	15	18	2
	16	19	1
	17	20	1
	18	21	2
	19	22	3
	20	23	3
	21	24	2
	22	25	3
	23	26	6
	24	27	5
	25	28	8
	26	29	6
	27	30	2
	28	31	5
	29	32	7
	30	33	4
	31	34	11
	32	35	9
	33	36	10
	34	37	9
	35	38	14
	36	39	7
	37	40	12
	38	41	19
	39	42	6
	40	43	5
	41	44	12
	42	45	10
	43	46	13
	44	47	10
	45	48	11
	46	49	11
	47	50	5
	48	51	9
	49	52	8
	50	53	15
	51	54	6
	52	55	5
	53	56	12
	54	57	6
	55	58	2
	56	59	6
	57	60	4
	58	61	4
	59	62	6
	60	63	5
	61	64	1
	62	66	2
	63	67	2
	64	68	2
	65	69	1
	66	70	2
	67	71	2
	68	73	1
	69	81	1
	70	83	1
	71		
	72		
	73		
	74		
	75		
	77		
	78		



Ano 2016		Sexo: Muller	
Sexo: Varón	Idade número	Idade número	
	13	15	1
	14	16	1
	15	17	4
	16	19	1
	17	20	1
	18	21	5
	19	22	2
	20	23	5
	21	25	4
	22	26	3
	23	27	6
	24	28	6
	25	29	5
	26	30	7
	27	31	3
	28	32	12
	29	33	8
	30	34	5
	31	35	13
	32	36	11
	33	37	12
	34	38	9
	35	39	10
	36	40	11
	37	41	7
	38	42	15
	39	43	7
	40	44	3
	41	45	12
	42	46	9
	43	47	11
	44	48	11
	45	49	11
	46	50	8
	47	51	6
	48	52	8
	49	53	8
	50	54	14
	51	55	5
	52	56	7
	53	57	13
	54	58	6
	55	59	6
	56	60	3
	57	61	5
	58	62	7
	59	63	9
	60	64	3
	61	65	1
	62	67	1
	63	68	1
	64	69	2
	65	71	1
	66		
	67		
	68		
	69		
	70		
	71		
	72		
	73		
	75		
	76		
	79		
	80		
	81		
	82		

Ano 2017		Sexo: Muller	
Sexo: Varón	Idade número	Idade número	
	14	15	1
	15	16	1
	16	17	3
	17	18	4
	18	19	1
	19	20	1
	20	22	3
	21	23	4
	22	24	5
	23	26	1
	24	27	6
	25	28	2
	26	29	3
	27	30	4
	28	31	6
	29	32	3
	30	33	10
	31	34	8
	32	35	8
	33	36	12
	34	37	8
	35	38	12
	36	39	5
	37	40	7
	38	41	9
	39	42	10
	40	43	14
	41	44	7
	42	45	5
	43	46	8
	44	47	10
	45	48	11
	46	49	12
	47	50	10
	48	51	5
	49	52	8
	50	53	6
	51	54	4
	52	55	11
	53	56	8
	54	57	7
	55	58	7
	56	59	5
	57	60	4
	58	61	5
	59	62	5
	60	63	4
	61	64	6
	62	65	3
	63	66	2
	64	68	1
	65	69	2
	66	70	1
	67	73	1
	68		
	69		
	70		
	71		
	72		
	73		
	74		
	75		
	76		
	77		
	80		
	81		
	82		
	83		






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:48:54
Nº Rexistro: 47550
Data envío: 11/03/2019 13:48:54.234



Táboa 2: Número de pacientes atendidos nos dispositivos asistenciais de drogas ilegais no período 2015- 2016, desagregados por sexo e idade. Quedan excluídos desta táboa os atendidos na UTA de Lugo por non dispor desta información desagregada nin por sexo nin por idade.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:48:54
Nº Rexistro: 47550
Data envío: 11/03/2019 13:48:54.234

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:48:50

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **41105**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“a valoración da Xunta de Galicia referida á saúde do sistema financeiro galego após da merca por Abanca do Banco Caixa Xeral portugués, o tipo de medidas e estudos postos en marcha ou previstos ao respecto e a súa opinión en relación co seu impacto no nivel de concentración bancaria en Galicia, nos clientes, persoas usuarias de servizos financeiros e no emprego, así como as actuacións que vai levar a cabo para intervir nesta situación”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 8 de febreiro, na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, o director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos deu reposta a iniciativa con nº de rexistro 42307, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, na que explicou o proceso da compra do negocio de Caixa Geral por parte de ABANCA e as posibles consecuencias que pode ter no sistema financeiro galego.

Nesta intervención o director xeral explicou que estamos ante un proceso de venda exixido pola UE, derivado das axudas públicas que recibiu a banca portuguesa. Este proceso foi levado a cabo polo Goberno portugués, que estivo suxeito as pautas marcadas pola Lei de privatizacións de Portugal, onde se recollen e se pautan os criterios de selección e adxudicación na enaxenación.

Proceso de adxudicación que, co fin de reforzar a transparencia e a competencia, foi posto a disposición do Tribunal de Contas portugués para a súa fiscalización.

Polo tanto, a primeira valoración deste proceso é de respecto absoluto ante unha decisión do Goberno de Portugal, non discrecional, senón froito dun proceso regulado, pautado, ordenado e transparente que trouxo como consecuencia a adxudicación do Banco Caixa Geral a unha entidade financeira radica en Galicia. Dentro do respecto ante unha decisión que foi allea a Xunta de Galicia, pero que supón que unha empresa con sede en Galicia se consolide, medre, se diversifique, mantendo unha adecuada solvencia, por todo elo non pode ter unha valoración negativa.



En canto as implicacións que ten esta adquisición para Abanca, supón a incorporación dun volume de negocio de 7.000 millóns de euros, 131.000 clientes, mais 500 empregados e 110 oficinas, das cales 35 están na nosa CC.AA, 42 en Estremadura, 13 en Madrid e as restantes repartidas pola xeografía española, sobre todo en Castela e León. Isto vai permitir un crecemento da entidade, e a ampliación da súa rede comercial en novas provincias nalgunha das cales non tiña presenza.

En relación á saúde dos sistema financeiro galego o director xeral explicou que non se pode comparar co sistema bancario que había antes da crise e que debemos analizalo no contexto actual, tanto en perspectiva como en comparación con outros sistemas similares. E nesa comparación Galicia non sae mal parada e so hai que ver que comunidades teñen actualmente unha entidade financeira radicada no seu territorio, coa súa sede social, fiscal e operativa; que comunidades teñen actualmente unha entidade financeira entre as primeiras de España, que o seu negocio principal basease en dar crédito en Galicia, e que da emprego a máis de 4.500 persoas, a maior parte en Galicia.

Polo que se refire as relacións comerciais con Portugal, explicou que é un mercado que Abanca xa coñecía, toda vez que contaba con ficha bancaria propia pois no mes de marzo do ano pasado comprara a rede de banca comercial do Deutsche Bank en Portugal, polo que esta nova adquisición debería supoñer unha maior implicación nas relacións comerciais e empresarias con Portugal, do cal se beneficiarán tanto as empresa lusas que queiran investir en Galicia, como as empresas galegas que teñan vínculos comerciais con ese país.

En canto o grado de concentración do sistema financeiro galego o director xeral fixo referencia ao Informe sobre a Concentración Bancaria en Galicia, elaborado hai un ano pola Comisión Galega da Competencia, por acordo do Parlamento de Galicia, e explicou que este radiografía perfectamente o proceso de reestruturación bancaria que tivo lugar en Galicia e recolle unha serie de feitos, de realidades, de riscos pero tamén de fortalezas que son plenamente vixentes e que non variaron nestes meses”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2019 12:18:06
Nº Rexistro: 47616
Data envío: 12/03/2019 12:18:06.278

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2019 12:18:02

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **41132**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar a destrución dos postos de traballo e a desaparición das oficinas do Banco Caixa Xeral portugués en Galicia, así como a perda de servizos e incremento da concentración bancaria, a consecuencia da merca desa entidade por Abanca”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 8 de febreiro na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, o director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos dou reposta a iniciativa con nº de rexistro 42307, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, na que explicou o proceso da compra do negocio de Caixa Geral por parte de ABANCA e as posibles consecuencias que pode ter no sistema financeiro galego.

Nesta intervención o director xeral explicou que estamos ante un proceso de venda exixido pola UE, derivado das axudas públicas que recibiu a banca portuguesa. Un proceso de venda levado a cabo polo Goberno portugués, que estivo suxeito as pautas marcadas pola Lei de privatizacións de Portugal, onde se recollen e se pautan os criterios de selección e adxudicación na enaxenación.

Proceso de adxudicación que, co fin de reforzar a transparencia e a competencia, foi posto a disposición do Tribunal de Contas portugués para a súa fiscalización.

Polo tanto, a primeira valoración deste proceso é de respecto absoluto ante unha decisión do Goberno de Portugal, non discrecional, senón froito dun proceso regulado, pautado, ordenado e transparente que trouxo como consecuencia a adxudicación do Banco Caixa Geral a unha entidade financeira radica en Galicia. Dentro do respecto ante unha decisión que foi allea a Xunta de Galicia, pero que supón que unha empresa con sede en Galicia se consolide, medre, se diversifique, mantendo unha adecuada solvencia, non pode ter unha valoración negativa.



En canto o grado de concentración do sistema financeiro galego o director xeral explicou que o Informe sobre a Concentración Bancaria en Galicia, elaborado hai un ano pola Comisión Galega da Competencia, por acordo do Parlamento de Galicia, radiografía perfectamente o proceso de reestruturación bancaria que tivo lugar en Galicia e recolle unha serie de feitos, de realidades, de riscos pero tamén de fortalezas que son plenamente vixentes e que non variaron nestes meses”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 47760
Data envío: 14/03/2019 09:05:09.647

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/03/2019 9:05:05

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41676**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa porcentaxe de poboación potencialmente dependente atendida na actualidade en Galicia, as súas razóns para reducir o gasto por persoa dependente nos últimos anos e as súas previsións respecto do seu incremento na X lexislatura”**, (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta formulada da por sentadas algunhas premisas que non podemos compartir.

Así, a atención ás persoas en situación de dependencia é unha prioridade máxima na actuación do Goberno galego. Non é esta unha afirmación retórica senón que resulta contrastada polas cifras.

Así, o número de persoas dependentes atendidas cunha prestación ou cun servizo público pasou de 14.000 a finais do ano 2008 a máis de 60.000 a 31/12/2018, percibindo estas 70.220 prestacións, que se distribúen do seguinte xeito:

- Servizo de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal: 4.758 prestacións (6,78%)
- Servizo de teleasistencia: 5.268 prestacións (7,50%)
- Servizo de axuda a domicilio: 23.309 prestacións (33,19 %)
- Centros de día/noite: 7.173 prestacións (10.21%)
- Servizo de atención residencial: 8.516 prestacións (12,13%)



- Libranzas vinculados ao servizo: 8.132 prestacións (11,58%)
- Libranza para coidados no contorno familiar: 12.953 prestacións (18,45%)
- Libranza de asistencia persoal: 111 prestacións (0,16%)

A Xunta de Galicia, entre as súas políticas de atención á dependencia, fixo unha aposta clara e decidida polos servizos profesionais de proximidade ou no domicilio que posibiliten ás persoas en situación de dependencia continuar na súa contorna habitual. Boa proba disto é, por exemplo, o servizo de axuda no fogar, que se multiplicou na última década en 5,61 veces, pasando de 4.156 persoas atendidas polo sistema a 23.309 a 31/12/2018.

Envellecer e vivir na casa é a fórmula preferida polas persoas maiores, pola poboación en xeral e polos/as coidadores/as familiares. As recomendacións dos expertos e dos Organismos Internacionais defenden tamén a priorización nos sistemas de atención daqueles recursos que permiten facer efectiva esta opción. En consonancia co anterior, todos os países avanzados que teñen en marcha sistemas de protección da dependencia priman nas súas políticas o desenvolvemento dun conxunto de prestacións e servizos de proximidade, nos que a atención no fogar é o eixo.

O anterior non impide, como é obvio, que tamén se redobre o esforzo en manter e mellorar a rede de residencias existentes. Así, mediante o Plan 'Como na casa', está previsto construír nas sete grandes cidades máis de 900 prazas que permitirán a creación de polo menos 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de inversión. Deste xeito, mentres que en Vigo e A Coruña se crearán equipamentos de 150 prazas en cada cidade, en Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo cada unha das novas residencias estarán dotadas con 120 prazas. O concurso de ideas arquitectónicas correspondente a estas residencias tivo como data límite de presentación das propostas o día 28 de Febreiro, e serán os proxectos finalmente elixidos e os seus prazos de edificación os que determinen o financiamento necesario que se consignará oportunamente nos correspondentes orzamentos.

Polo tanto, é crecente e constante o esforzo realizado pola Xunta de Galicia para acadar máis e mellor atención ás persoas con dependencia. Proba disto foi o incremento da achega realizada pola Comunidade Autónoma para financiar os custos do sistema, acadando no ano 2017 o 75,31%, aportando o Estado a porcentaxe restante.



Este traballo continuado permitiu situar a Galicia nun lugar destacado dentro do conxunto de España.

Poén, este Goberno nin quere nin pode conformarse e, por conseguinte, continuará nos vindeiros anos traballando incansablemente por mellorar este sistema.

Nesta liña, a Xunta de Galicia promoverá con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma para o presente ano o incremento dun 10% da libranza de coidados no contorno familiar, do 15% para a libranza de asistencia persoal e aumentará nun 20% (para os graos I e III) e nun 75% (para o grao II) a libranza vinculada ao servizo de atención residencial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:48:42
Nº Rexistro: 47549
Data envío: 11/03/2019 13:48:42.995

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:48:36

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33554** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a conexión da AP-9 coa vía Ártabra no enlace da Gándara”**, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 43496, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de marzo de 2019, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas avanzou que para o mes de maio se convocará aos propietarios dos terreos afectados pola construción da prolongación da Vía Ártabra co fin de iniciar as expropiacións e poder así comezar as obras no verán. Explicou que a prolongación da Vía Ártabra desde a N-VI ata a AP-9 permitirá completar a funcionalidade dunha infraestrutura na que a Xunta xa investiu 70 millóns de euros. Con ela, mellorarase a vertebración da área metropolitana da Coruña e os veciños de Sada, Cambre e Oleiros quedarán conectados de forma directa coa rede de vías de altas prestacións. Lembrou que esta actuación, que foi licitada polo Goberno galego a principios do mes de marzo, suporá un novo investimento autonómico de máis de 40 millóns de euros.

Na súa intervención o director da AXI referiuse, ademais, a que o deseño da conexión coa AP-9 na Gándara responde a unha decisión estritamente técnica que referendaron tanto o Goberno bipartito como o actual e a plasmaron en proxectos que contan con declaración de impacto ambiental. Advertiu que a conexión en Catro Camiños defendida polo Goberno municipal de Cambre ten un maior impacto territorial e menor seguridade viaria, ademais de obrigar a percorrer máis quilómetros para chegar á Coruña.



A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=1768>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=2429>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:51:23
Nº Rexistro: 47562
Data envío: 11/03/2019 13:51:23.497

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:51:16

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **33728** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas a adoptar pola Consellería de Política Social relativas á demora inxustificada en comunicar a obtención de praza para os campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade convocados pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.”**, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O programa de campamentos para persoas con discapacidade é unha iniciativa organizada por esta Consellería que se está a desenvolver con notable éxito. Como é sabido, este programa ten por obxecto prestar unha atención especializada ás persoas con discapacidade e ofertar campamentos específicos para rangos de idade entre os 11 e os 40 anos para persoas que teñan recoñecida a discapacidade e presenten calquera tipo de limitación e/ou necesidade especial. Estas estadías de convivencia desenvólvense en quendas de 10 días, entre o 1 de xullo e o 12 de setembro.

O notable éxito acadado desde a posta en marcha desta iniciativa, levou a esta Consellería a incrementar tanto os medios económicos como persoais destinados a esta finalidade.

Deste xeito, levouse a cabo un incremento de 20 prazas, pasando de 150 a 170 (13,33%) para idades comprendidas dos 19 aos 40 anos, que son as persoas cun rango de idade que non lles permite participar nas quendas ofertadas nos campamentos da Dirección de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Igualmente, aumentouse nun 37,66% o orzamento destinado ao funcionamento deste programa (tanto para a contratación das empresas que desenvolven estes campamentos, como para os custes indirectos de mantención e aloxamento), realizándose tamén un importante esforzo en mellorar as instalacións e incrementar o equipamento especializado para mellorar o coidado dos participantes. Este esforzo supuxo no exercicio de 2018 un investimento de 91.210 € para a



adquisición de novas grúas de mobilización, cadeiras para a ducha, cadeiras anfibas, así como para o incremento das habitacións e baños adaptados e a mellora da accesibilidade das instalacións.

Por outra banda, xa desde o ano 2017 introducíronse dúas importantes melloras na proporción monitor/participante e membros do equipo técnico que organiza e desenvolve estes campamentos.

En canto a proporción monitor/participantes, incrementáronse ata acadar as seguintes:

- 1 Monitor/participante con grao de discapacidade igual ou superior ao 75%
- 1 Monitor / 3 participantes con grao de discapacidade entre o 50% e o 74%
- 1 Monitor / 4 participantes con grao de discapacidade superior ao 33%

Ademais, levouse a cabo a introdución dun novo membro no equipo de persoal, como é a figura do auxiliar/coidador, que son persoas con certificado de profesionalidade de atención a persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia e con acreditación de formación ou experiencia no uso de aparellos para a súa mobilización e coidado, coas seguintes proporcións:

- 1 Auxiliar / 3 participantes con grao de discapacidade igual ou superior ao 75%
- 1 Auxiliar / 5 participantes con grao de discapacidade entre o 50% e o 74%

En canto ao persoal seleccionado e a súa capacitación, os requisitos de titulación esixidos na contratación dos profesionais de cada unha das quendas son os seguintes:

- Unha persoa titulada en enfermería ou DUE que garanta a atención que precisen as persoas participantes durante o desenvolvemento de cada quenda.
- Os monitores deben de ser titulados e con experiencia, tanto no ámbito de actividades de ocio e tempo libre (monitor/a de actividades de ocio e tempo libre) coma no de discapacidade (monitor/a de persoas con discapacidade, especialista en integración e atención a persoas con discapacidade, técnico superior en integración social, etc.)
- O persoal auxiliar-coidador debe contar con certificado de profesionalidade de atención a persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, e acreditación de formación ou experiencia no uso de aparellos para a súa mobilización e coidado.





No exercicio 2018 presentáronse 264 solicitudes para as 170 prazas ofertadas. As solicitudes son valoradas por unha comisión composta por representantes da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, tendo preferencia as persoas que non participaran neste programa en anos anteriores e que residan habitualmente no domicilio familiar. No caso de empate, a adxudicación das prazas faise por orde de entrada da solicitude.

A adxudicación das prazas notifícase aos participantes a través de correo certificado con acuse de recibo e a través de chamada telefónica.

Esta Consellería pon a disposición dos interesados un teléfono de información que atende as dúbidas e suxerencias que formulen os solicitantes de praza nos campamentos.

En definitiva, a pesar das disfuncións relatadas na pregunta, este programa de campamentos está a acadar un notable éxito e son moitos os cidadáns que se interesan polos mesmos. E por iso esta Consellería está levando a cabo, como quedou reflectido, un importante esforzo en todos os ámbitos para mellorar o funcionamento dos mesmos e superar as dificultades que poidan aparecer, tanto na súa organización previa como no propio desenvolvemento da actividade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:50:46
Nº Rexistro: 47560
Data envío: 11/03/2019 13:50:46.578

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:50:41

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34216** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas que ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia para garantir o mantemento e accesibilidade de todos os servizos de atención aos nenos e nenas ourensás con Trastornos do Espectro do Autismo (TEA)”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social subscribiu un convenio coa Asociación ‘Por Eles TEA Ourense’, mediante o que outorgou unha subvención de 15.000 euros á devandita entidade para o financiamento dos servizos de atención psicolóxica destinados aos nenos e nenas a partir dos 6 anos, a través dun programa de intervención ocupacional e psicoeducativa (infantil-xuvenil) para persoas con trastornos do espectro autista durante o ano 2018.

As actuacións subvencionadas foron:

- Promover o desenvolvemento integral das persoas con TEA.
- Potenciar ao máximo as capacidades persoais e de participación socio comunitaria das persoas con TEA.
- Potenciar aprendizaxes para organizar/percibir e interpretar os seus estímulos de maneira axeitada.
- Levar a cabo plans individualizados de intervención psicoeducativa coas persoas con TEA que lle permitan a adquisición de aprendizaxes específicos relacionados coas áreas nucleares do Espectro do Autismo.
- Coordinar os servizos sanitarios e educativos cara unha intervención conxunta.
- Atender as necesidades formativas e de asesoramento das familias e finalmente, poder obter un diagnóstico o máis preciso posible.



Por outra banda, á Asociación 'AUTISMO OURENSE' concedéronse axudas ao abeiro da Orde do 12 de setembro de 2018, destinadas a subvencionar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Concretamente os importes outorgados á referida Asociación foron os seguintes:

- 11.960 € ao abeiro do Programa de apoio e respiro familiar.
- 17.778 € correspondentes ao Programa de atención temperá.
- 9.842 € para a construción dun complexo psicopedagóxico.

Engadir, por outra banda, que desde o Servizo Galego de Saúde se facilita a actividade de entidades sen ánimo de lucro a través da sinatura de convenios ou mediante a convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva. Ambas son medidas xenéricas. O Servizo Galego de Saúde asinou un convenio con carácter anual coa Federación Autismo Galicia para o desenvolvemento de actividades de formación e sensibilización no entorno sanitario. O convenio asinado este ano está dotado con 10.925 €. A Federación agrupa a diversas entidades e organizacións de Galicia.

As competencias da Consellería de Sanidade limítanse á prestación dos servizos no ámbito dos complexos hospitalarios, tal e como se regula no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá. Ata o momento, non se detectaron incidencias por parte da Asociación Autismo Ourense no cumprimento das obrigas relacionadas coa convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter socio sanitario.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:50:35
Nº Rexistro: 47559
Data envío: 11/03/2019 13:50:35.930

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:50:31

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34656** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Concepción Burgo López, sobre **“a participación dos centros educativos de bacharelato da nosa comunidade autónoma no bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, regulado, de xeito experimental para o curso 2018/19, mediante Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 12 de xuño de 2018”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 45735, debatida na Comisión 4ª de data 21/02/2019 e á que nos remitimos por ofrecer información sobre o procedemento seguido na convocatoria do Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), que foi implantado de xeito experimental no presente curso 2018/19. Por tratarse dunha primeira convocatoria, a Consellería tiña a previsión de poder contar coa participación de 10 centros pero, unha vez finalizado o procedemento, finalmente foron 15 os centros autorizados.

A información pode ampliarse consultando o debate no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-02-21?part=6f3c6c5a-f3fa-4cd2-990e-37e90436ebef&start=5251> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:50:17
Nº Rexistro: 47557
Data envío: 11/03/2019 13:50:17.207

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:50:13

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **35290** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para contribuír ao desenvolvemento do asociacionismo que traballa con persoas que padecen o trastorno do espectro do autismo en Ourense”**, (publicada no BOPG número 352 do 5 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social subscribiu un convenio coa Asociación ‘Por Eles TEA Ourense’, mediante o que outorgou unha subvención de 15.000 euros á devandita entidade para o financiamento dos servizos de atención psicolóxica destinados aos nenos e nenas a partir dos 6 anos, a través dun programa de intervención ocupacional e psicoeducativa (infantil-xuvenil) para persoas con trastornos do espectro autista durante o ano 2018.

As actuacións subvencionadas foron:

- Promover o desenvolvemento integral das persoas con TEA.
- Potenciar ao máximo as capacidades persoais e de participación socio comunitaria das persoas con TEA.
- Potenciar aprendizaxes para organizar/percibir e interpretar os seus estímulos de maneira axeitada.
- Levar a cabo plans individualizados de intervención psicoeducativa coas persoas con TEA que lle permitan a adquisición de aprendizaxes específicos relacionados coas áreas nucleares do Espectro do Autismo.
- Coordinar os servizos sanitarios e educativos cara unha intervención conxunta.
- Atender as necesidades formativas e de asesoramento das familias e finalmente, poder obter un diagnóstico o máis preciso posible.



Por outra banda, á Asociación 'AUTISMO OURENSE' concedéronse axudas ao abeiro da Orde do 12 de setembro de 2018, destinadas a subvencionar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Concretamente os importes outorgados á referida Asociación foron os seguintes:

- 11.960 € ao abeiro do Programa de apoio e respiro familiar.
- 17.778 € correspondentes ao Programa de atención temperá.
- 9.842 € para a construción dun complexo psicopedagóxico.

Engadir, por outra banda, que desde o Servizo Galego de Saúde se facilita a actividade de entidades sen ánimo de lucro a través da sinatura de convenios ou mediante a convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva. Ambas son medidas xenéricas. O Servizo Galego de Saúde asinou un convenio con carácter anual coa Federación Autismo Galicia para o desenvolvemento de actividades de formación e sensibilización no entorno sanitario. O convenio asinado este ano está dotado con 10.925 €. A Federación agrupa a diversas entidades e organizacións de Galicia.

As competencias da Consellería de Sanidade limítanse á prestación dos servizos no ámbito dos complexos hospitalarios, tal e como se regula no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá. Ata o momento, non se detectaron incidencias por parte da Asociación Autismo Ourense no cumprimento das obrigas relacionadas coa convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter socio sanitario.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:49:53
Nº Rexistro: 47556
Data envío: 11/03/2019 13:49:53.689

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:49:48

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35505** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Jacobo Moreira Ferro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a licitación e adxudicación das obras de execución do proxecto de acondicionamento e mellora da seguridade da estrada PO-531 na Devesa. Segunda fase, correspondente á clave PO/17/001.06”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 43476, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de marzo de 2019, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas destacou os preto de 3,8 millóns investidos por parte da Xunta para a mellora da seguridade viaria e a conservación da estrada PO-531, actuacións recentes e en licitación ou cos proxectos en redacción que seguen a desenvolverse, de acordo cunha priorización técnica e tamén froito dun intenso diálogo cos veciños de Pontevedra e Barro. Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas salientou, entre as actuacións máis significativas e demandadas, a intervención realizada para a mellora da seguridade viaria desta estrada que supuxo a execución da glorieta no acceso ao polígono de Sequeiros, no Concello de Barro. Explicou tamén que, de acordo co previsto, esta actuación terá agora continuidade coas obras da segunda fase de mellora da seguridade viaria no lugar da Devesa, no Concello de Pontevedra, cuxos traballos se prevén iniciar en maio.



A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=532>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=1141>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:49:32
Nº Rexistro: 47554
Data envío: 11/03/2019 13:49:32.836

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:49:29

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **42057**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“a política do Goberno galego en relación ao emisario submarino en Lourizán (Pontevedra)”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O sistema de saneamento dos Praceres é un conxunto formado pola rede de saneamento de Pontevedra (agás una zona que discorre cara á ría de Vigo), a rede de saneamento de Marín, a maior parte da rede de saneamento de Poio (salvo a zona oeste que verte ao emisario de Raxó) e unha parte do saneamento de Vilaboa que descarga en Pontevedra. Este conxunto de redes municipais finaliza na estación depuradora de augas residuais dos Praceres, que verte a través do seu emisario submarino na ría de Pontevedra.

Actualmente, mesmo en tempo seco non se están a obter os obxectivos de tratamento con garantías no efluente para os caudais para os que foi dimensionada a EDAR, tendo en conta a clasificación como zona sensible da ría de Pontevedra.

A capacidade do emisario actual é insuficiente para evacuar o caudal de deseño do conxunto do sistema de saneamento, polo que ós técnicos especialistas na materia consideran que a construción do novo emisario submarino constitúe unha das actuacións necesarias para mellorar o sistema de saneamento dos Praceres e a calidade das augas residuais vertidas á ría de Pontevedra. A súa función principal será o transporte das augas residuais tratadas na estación depuradora dos Praceres ata un punto de vertedura axeitada. A situación do punto de vertido do emisario foi coidadosamente elixida tras numerosos estudos para atopar a posición que propicie a mellor difusión do vertido e evite as afeccións aos bancos marisqueiros da zona”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:48:31
Nº Rexistro: 47548
Data envío: 11/03/2019 13:48:31.431

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:48:25

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33553** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a conexión da AP-9 coa vía Ártabra no enlace da Gándara”**, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 43496, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de marzo de 2019, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas avanzou que para o mes de maio se convocará aos propietarios dos terreos afectados pola construción da prolongación da Vía Ártabra co fin de iniciar as expropiacións e poder así comezar as obras no verán. Explicou que a prolongación da Vía Ártabra desde a N-VI ata a AP-9 permitirá completar a funcionalidade dunha infraestrutura na que a Xunta xa investiu 70 millóns de euros. Con ela, mellorarase a vertebración da área metropolitana da Coruña e os veciños de Sada, Cambre e Oleiros quedarán conectados de forma directa coa rede de vías de altas prestacións. Lembrou que esta actuación, que foi licitada polo Goberno galego a principios do mes de marzo, suporá un novo investimento autonómico de máis de 40 millóns de euros.

Na súa intervención o director da AXI referiuse, ademais, a que o deseño da conexión coa AP-9 na Gándara responde a unha decisión estritamente técnica que referendaron tanto o Goberno bipartito como o actual e a plasmaron en proxectos que contan con declaración de impacto ambiental. Advertiu que a conexión en Catro Camiños defendida polo Goberno municipal de Cambre ten un maior impacto territorial e menor seguridade viaria, ademais de obrigar a percorrer máis quilómetros para chegar á Coruña.



A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=1768>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=2429>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:51:34
Nº Rexistro: 47563
Data envío: 11/03/2019 13:51:34.312

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:51:30

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **35504** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Jacobo Moreira Ferro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a licitación e adxudicación das obras de execución do proxecto de acondicionamento e mellora da seguridade da estrada PO-531 na Devesa. Segunda fase, correspondente á clave PO/17/001.06, as principais demandas reflectidas nas alegacións presentadas ao proxecto e o resultado da súa análise e estudo”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 43476, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de marzo de 2019, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas destacou os preto de 3,8 millóns investidos por parte da Xunta para a mellora da seguridade viaria e a conservación da estrada PO-531, actuacións recentes e en licitación ou cos proxectos en redacción que seguen a desenvolverse, de acordo cunha priorización técnica e tamén froito dun intenso diálogo cos veciños de Pontevedra e Barro. Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas salientou, entre as actuacións máis significativas e demandadas, a intervención realizada para a mellora da seguridade viaria desta estrada que supuxo a execución da glorieta no acceso ao polígono de Sequeiros, no Concello de Barro. Explicou tamén que, de acordo co previsto, esta actuación terá agora continuidade coas obras da segunda fase de mellora da seguridade viaria no lugar da Devesa, no Concello de Pontevedra, cuxos traballos se prevén iniciar en maio.



A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=532>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-03-06?part=b8bf938c-8554-4717-97ff-591b68ac2da3&start=1141>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:49:42
Nº Rexistro: 47555
Data envío: 11/03/2019 13:49:42.593

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:49:37

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34655** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Concepción Burgo López, sobre **“o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, regulado, de xeito experimental para o curso 2018/19, mediante Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 12 de xuño de 2018”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 45735, debatida na Comisión 4ª de data 21/02/2019 e á que nos remitimos por ofrecer información sobre o procedemento seguido na convocatoria do Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), que foi implantado de xeito experimental no presente curso 2018/19. Por tratarse dunha primeira convocatoria, a Consellería tiña a previsión de poder contar coa participación de 10 centros pero, unha vez finalizado o procedemento, finalmente foron 15 os centros autorizados.

A información pode ampliarse consultando o debate no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-02-21?part=6f3c6c5a-f3fa-4cd2-990e-37e90436ebef&start=5251> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2019 13:50:25
Nº Rexistro: 47558
Data envío: 11/03/2019 13:50:25.965

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2019 13:50:22

CSV: 9nVAZaGai9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **33727** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas a adoptar pola Consellería de Política Social relativas á demora inxustificada en comunicar a obtención de praza para os campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade convocados pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.”**, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O programa de campamentos para persoas con discapacidade é unha iniciativa organizada por esta Consellería que se está a desenvolver con notable éxito. Como é sabido, este programa ten por obxecto prestar unha atención especializada ás persoas con discapacidade e ofertar campamentos específicos para rangos de idade entre os 11 e os 40 anos para persoas que teñan recoñecida a discapacidade e presenten calquera tipo de limitación e/ou necesidade especial. Estas estadías de convivencia desenvólvense en quendas de 10 días, entre o 1 de xullo e o 12 de setembro.

O notable éxito acadado desde a posta en marcha desta iniciativa, levou a esta Consellería a incrementar tanto os medios económicos como persoais destinados a esta finalidade.

Deste xeito, levouse a cabo un incremento de 20 prazas, pasando de 150 a 170 (13,33%) para idades comprendidas dos 19 aos 40 anos, que son as persoas cun rango de idade que non lles permite participar nas quendas ofertadas nos campamentos da Dirección de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Igualmente, aumentouse nun 37,66% o orzamento destinado ao funcionamento deste programa (tanto para a contratación das empresas que desenvolven estes campamentos, como para os custes indirectos de mantención e aloxamento), realizándose tamén un importante esforzo en mellorar as instalacións e incrementar o equipamento especializado para mellorar o coidado dos participantes. Este esforzo supuxo no exercicio de 2018 un investimento de 91.210 € para a



adquisición de novas grúas de mobilización, cadeiras para a ducha, cadeiras anfibas, así como para o incremento das habitacións e baños adaptados e a mellora da accesibilidade das instalacións.

